

Na treboada

Diego PALACIOS RAMALLO

–Xa sei vello mar da túa bravura. Non é preciso que amóse-los teus cairos en proba da sona que tes. Non fai falla que móva-lo barco como un berce, coma un cesto de vimbio entre as túas poderosas ondas. Sinto o teu vento nesta desvergoñada aperta, neste empurrón, na demostración da miña insignificancia.

Gústanme as treboadas.

Adoitamos identifica-la natureza coas nosas emocións e cremos que chove porque choramos, que soan os lóstregos porque odiamos, ou que o mar está calmo porque estamos tranquilos. I é xusto ao contrario. Somos nós os que choramos porque chove, odiamos porque soan os lóstregos, e acougamos porque o mar está calmo.

Agora sinto coma ti, desacougo. Prende no meu peito o mesmo lume que anima as entrañas da terra, os meus cabelos forman parte do vento que te crispa, e a miña pel, empapada por ti, é reclamada polas ninfas das augas.

Adoitaban tomala por tola só por ser animista, por entender a calada linguaxe das cousas, por falar coa natureza. Por iso gustábanlle as treboadas, cando os elementos berran, e os homes escoitan o que normalmente non poden oír.

Algunha vez fixérase atar ao mastro nun temporal, como Ulises, fronte as sereas. Pero agora o barco arribaba a porto e o chan, de súpeto estaba firme baixo os seus pes, naquela cidade que semellaba un barco de pedra, atado a terra por unha maroma de area, agora chea de casas.

Dende o barco vira unha torre, un vello faro que desafiaba aquel mar. En canto puxo un pe no peirao preguntou como chegar onda el. O vento zoaba namentres ela paseaba polas rúas empedradas, entre casas de pedra con galerías de madeira e cristal. Non lonxe da vella torre pasou por diante do cemiterio, cos seus muros de pedra, unha pequena capela, e mulleres de loito saíndo pola súa porta.

Outra muller paseaba na treboada. Ela non sentía tan amiga da natureza, pois había nela algo agoireiro. A cativa de tres anos que levaba da man procuraba, torpe pero firmemente, evitar que o

vento lle metera os cabelos polos ollos. Semellaba amolada, pero non asustada. A nai estaba desacougada, co mesmo lume no peito e os mesmos lóstregos na alma. O mesmo vento a xogar cos seus pensamentos como cos pelos que saían do apretado peiteado. A nena seguía decidida, á súa altura, coñecía tan ben o camiño que diríase que era ela a que guiaba con paso firme. Unha muller semellaba perseguir á dona exaltada polo vento, ela si que ía uns pasos por detrás.

Ao cruzárense, cada unha nunha beira da rúa, a muller do vento intercambia unha ollada coa muller da nena. A primeira fíxase nos seus ollos escuros, intensos, profundos. Percibe nela un aire de iniciada, de sacerdotisa da natureza, como ela. Pode recoñecer iso. Aínda que dun xeito diferente, ela tamén fala coas cousas. Admira a dozura con que colle a cativa pola man, con firmeza ao mesmo tempo. Daquela sente un arrepío lembrando a súa filla morta, quizabes pola súa teima de levala canda ela de viaxe sendo tan feble.

–¿Que clase de nai son que non sei guiar con dozura e firmeza? Só sei fuxir, e falar co que ningún escoita, entender os tolos e burlarme do mundo que me tocou vivir.

A dona da nena para un segundo para sentir a curiosidade daquela muller distinguida. A pesares de que leva un chapeo negro que lle tapa parte da cara pode ver que é fermosa. O vento levanta un pouco o chapeo, i ela admira unha ollada intensa enmarcada nunhas cellas fermosísimas. Admira a súa decisión, semella unha muller ceibe. A muller saúdaa cun movemento da cabeza, erguendo o queixo con decisión e fitándoa con simpatía.

–¿Por que non serei eu forte e decidida?–

A dona de negro sorrille e logo segue a súa ruta, vai directa deica a torre, e a dona da nena vai mergullarse no labirinto de pedra das rúas. Cada unha segue o seu camiño. Ela para e aparta os cabelos da cara da nena. Esta, amolada, repite o movemento finxindo apartar un floco que xa non molesta, porque ela soa é quen de facelo.

—¿Por que virá a natureza enlizar onde xa hai xoio dabondo? A trastornar os homes. Canto mellor se entende o que di cando quenta o sol e os insectos chuchan nas flores. Bulen os peixes nos

ríos, cae o orballo fresco e amodo, e alumean as estrelas a escura noite.

Canto mellor falas cando o ruxerruxe non impide escoita-las túas palabras.